

EXPEDIENTE	2024001215
ASUNTO	Aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro Vacacional A Lanzada para a organización de actividades de interese social.

DILIXENCIA DA INTERVENCIÓN

Á vista do expediente referido á aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro Vacacional A Lanzada, faise constar que o dito expediente ten por obxecto a aprobación dunha disposición xeral de carácter regulamentario, reguladora do réxime de acceso, organización, funcionamento, dereitos, obrigas, condicións de uso e réxime sancionador aplicable ao centro.

A ordenanza proxectada non aproba por si mesma tarifas, liquidacións, recoñecementos de dereitos ou obrigas de contido económico, nin comporta directamente a realización de gastos, ingresos, pagamentos ou movementos de fondos ou valores públicos, polo que non se atopa suxeita á fiscalización previa da Intervención prevista para os actos de xestión económico-orzamentaria.

Todo iso sen prexuízo de que os actos de execución que se diten ao abeiro da ordenanza e que teñan contido económico, así como o expediente de aprobación ou modificación dos prezos públicos polos servizos que se presten no Centro Vacacional A Lanzada, deban someterse ao réxime de control interno que resulte aplicable.

Documento asinado dixitalmente

